

# DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

## PROGRAMACIÓNS. Curso 2011-2012

### CRITERIOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN DA ESO

#### 1. OBXECTIVOS:

Co fin de desenvolver as capacidades propias desta etapa, os alumnos e as alumnas deberán conseguir, ao longo da educación secundaria obrigatoria, os seguintes obxectivos:

- a) Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersonal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- b) Utilizar a lingua galega para a comprensión e para a elaboración de informacións orais e escritas, atendendo ás características formais de cada unha delas.
- c) Valorar a lingua como propia de Galicia, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.
- d) Coñecer as linguaxes específicas e analizar criticamente as funcións sociais dos medios de comunicación de masas.
- e) Valorar as variedades xeográficas do galego con vistas á aprendizaxe da lingua estándar libre de interferencias e prexuízos.
- f) Identificar os elementos formais e os mecanismos da lingua nos planos fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.
- g) Recoñecer os elementos temáticos, estruturais e expresivos que caracterizan un texto literario, así como as principais obras, autores e períodos máis significativos da literatura galega.
- h) Ler con fluidez, comprensión e actitude crítica.

#### 2.- CRITERIOS SOBRE SECUENCIA E ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os bloques son agrupados e organizados de forma que se favoreza a aprendizaxe, establecendo unha progresión que permita un coñecemento cada vez máis profundo e racional.

Para secuenciar e organizar os contidos entre si, e co obxecto de favorecer aprendizaxes significativas e organizar o deseño curricular da aula, tivemos en conta os seguintes criterios básicos:

##### ***1- Pertinencia en relación ao desenvolvemento evolutivo do alumnado:***

Tratamos de establecer un nivel de aprendizaxe que respecte o principio de distancia óptima entre o que o alumnado sabe e o que pode aprender, para evitar volver sobre contidos que xa posúe, pero tamén, para non presentar aprendizaxes que se alonxen moito das súas posibilidades reais de comprensión.

## **2 - *Coherencia coa lóxica da disciplina que tratamos de ensinar:***

Os contidos educativos pertencen aos ámbitos lingüístico e literario que teñen unha determinada lóxica interna e uns modelos de desenvolvemento propios. Aprender estes contidos implica comprender esta lóxica interna e o seu modelo de desenvolvemento específico.

## **3- *Adecuación dos novos contidos aos coñecementos previos do alumnado:***

Esta adecuación require unha exploración das ideas e experiencias que o alumnado ten en relación a aquilo que imos ensinar, e atopar puntos de conexión que permitan facelas progresar no sentido das intencións educativas.

## **4- *Priorización dun tipo de contido á hora de organizar as secuencias:***

Elección dun tipo ou outro de contidos para establecer en torno a el a progresión da aprendizaxe.

## **5- *Delimitación dunhas ideas eixe:***

A coherencia e congruencia da secuencia garántese coa elección dunhas ideas centrais que actúan como eixe conductor. Estas ideas sintetizan os aspectos fundamentais que se tratan de ensinar.

## **6- *Continuidade e progresión:***

A ensinanza dos contidos fundamentais debe ter continuidade ao longo da etapa, de maneira que o alumnado poida relacionar e progresar adecuadamente, retornando cada novo proceso alí onde quedou anteriormente.

## **7- *Equilibrio:***

Unha vez establecidas as secuencias de contidos, tomando como referencia os obxectivos xerais da área, comprobamos que todas as capacidades están recollidas de forma equilibrada.

## **8- *Interrelación:***

Os diferentes tipos de contidos, conceptos, procedementos e actitudes están convenientemente trabados entre si na secuencia que se establece. Esta interrelación contéplase, sempre que se considere pertinente, entre distintos contidos da área de lingua galega e literatura e entre contidos de distintas áreas, dando así entrada a posibles propostas globalizadas ou interdisciplinares.

A proposta de secuenciación e organización de contidos da área vai acompañada dunha previsión xeral sobre a súa temporalización que ó longo do curso terá que ir revisándose e axustándose à diversidade dos procesos de aprendizaxe do alumnado.

### **3.- CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA**

Os principios psicopedagóxicos que subxacen ao deseño curricular enmárcanse nunha concepción constructivista da aprendizaxe que propugna:

#### **1. *Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado:***

Cada alumno ten as súas ideas sobre a materia. Ademais intégraas nunha estrutura máis xeral que utiliza como referencia para integrar novos coñecementos. Estes esquemas previos, con frecuencia imprecisos, son os que no proceso de ensinanza-aprendizaxe se completan para incorporar novas ideas. Nesta liña, os erros dun alumno son o sinal que indica e clarifica o que hai que reorganizar para aprender.

2. ***Asegurar a construción de aprendizaxes significativas*** procurando que o alumno relacione o novo material co que xa sabe e o integre na súa estrutura cognitiva previa.
3. Para que a aprendizaxe sexa significativa é preciso que o alumnado perciba como importante, útil e posible aquilo que ten que aprender. E para que se produza, o coñecemento debe implicarse coa súa experiencia persoal e así darlle significado ao que ten que aprender.
4. ***Actividade por parte do alumno*** que inclúa un proceso de reflexión interna e non simplemente manipulativa e que posibilite que os alumnos aprendan por si sós.

As actividades de aula deben ser próximas, tanto aos intereses dos alumnos como aos seus coñecementos, sen ser rutineiras nin excesivamente fáciles. É importante o papel do profesor cando os seus alumnos están traballando: ten que axudarlles para que poidan continuar pero nunca suplir o que os propios alumnos poidan facer. Isto é decisivo para conseguir a autonomía; é o que se coñece como "aprender a aprender". Os traballos en grupo, os debates e, en xeral, as actividades colectivas están xustificadas porque, nalgunhas situacións, a opinión dun alumno pode ser máis significativa para os compañeiros que as explicacións dun profesor; e ademais, cando os alumnos dialogan, están asumindo unha linguaxe común que é básica para a aprendizaxe da materia. Non hai que esquecer a conexión da materia coa realidade, a relación das materias entre si e a historia da materia para proporcionarlle ao alumnado unha visión global, dinámica e rigorosa do conxunto do currículo.

### **4.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN**

#### **1.- *O proceso de avaliación:***

A avaliación é un elemento fundamental do proceso de ensinanza-aprendizaxe e a súa finalidade non debe ser seleccionar ao alumnado a partir duns niveis promedio que deben alcanzar, senón verificar a adecuación do proceso de ensinanza ás distintas características e necesidades educativas do alumnado, e en consecuencia, realizar as melloras pertinentes na actuación docente.

A avaliación, polo tanto, debe cumprir dúas funcións:

- Permitir axustar a axuda pedagóxica nas características individuais do alumnado mediante aproximacións sucesivas.

- Determinar o grao en que se conseguiron as intencións educativas.

Deberán ser avaliados tanto as aprendizaxes co alumnado como os distintos elementos de práctica docente no ámbito da aula e no conxunto do centro.

No proceso xeral de avaliación débense diferenciar tres fases:

- A **avaliación inicial**, que nos proporcionará información sobre a situación de cada alumno ao comezo dun ciclo ou curso. Os coñecementos previos e as características persoais permitirán unha mellor atención ás diferencias e unha metodoloxía adecuada.

- A **avaliación formativa ou reguladora**, que ten por obxecto recoller información ao longo do proceso de ensinanza, e valorar en función desta os progresos e dificultades do alumnado en relación coas aprendizaxes. A súa función é axustar a axuda pedagóxica, proporcionando a cada alumno a atención necesaria.

- A **avaliación sumativa ou final**, que nos determinará, ao final dun período educativo, en que grao se alcanzaron as intencións educativas. Pretende establecer os resultados conseguidos ao final dun período en función dos obxectivos e os contidos traballados.

2. **A participación do alumnado no proceso avaliador** contribuirá a que teñan un coñecemento axustado das súas posibilidades, dos seus erros e da forma de superalos por medio da autoavaliación e a coavaliación.

### 3- **Criterios e instrumentos de Avaliación:**

Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes, identificando a intención comunicativa.

Utilizar a lingua galega na elaboración de traballos académicos servíndose dos medios de comunicación tradicionais e das novas tecnoloxías.

Identificar as principais variantes xeográficas do galego, e integralas nun estándar global da lingua.

Interpretar, con sentido crítico, as mensaxes procedentes dos medios de comunicación, atendendo ás súas linguaxes específicas (verbais e non verbais).

Integrar os mecanismos da lingua e os seus elementos formais (marcas de adecuación, procedementos de cohesión, estrutura da oración, estruturas textuais, formación de palabras, etc.), para comprender os textos alleos e mellorar as propias producións.

Consultar diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ao seu nivel.

Debater sobre un tema, trala busca e selección de información, establecendo unha liña argumentativa propia e respectando as regras sociocomunicativas e pragmáticas que rexen o debate.

Recoñecer as características das principais etapas, obras e autores da literatura galega.

Establecer relacións entre as obras máis relevantes da literatura galega e o contexto histórico, social e cultural no que aparecen.  
Utilizar as propias ideas e experiencias para a produción de textos de intención literaria.

## **5. ACTITUDES, VALORES E NORMAS:**

O fin principal da educación é o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado, é dicir, o desenvolvemento integral de todos os factores que a integran: intelectual, corporal, social, afectivo e ético - moral.

Por outro lado o centro educativo debe asumir, como unha característica clave, un compromiso cun sistema de valores básicos para a vida e a convivencia; é dicir, a incorporación nos seus proxectos educativos e curriculares, dos valores éticos que favorecen e fan posible a vida en sociedade.

Podemos preguntarnos cales son eses valores e a resposta non pode ser outra que os valores mínimos necesarios para a convivencia e a construción dunha sociedade plural e democrática que permitan o entendemento das persoas independentemente das súas crenzas, principios relixiosos ou sensibilidades culturais. Estes valores podemos sintetizalos en: Xustiza - Solidariedade, Liberdade, Igualdade, Tolerancia - Respecto, Paz, Saúde, Responsabilidade.

É isto o que nos leva a enmarcar o deseño e tratamento dende unhas perspectivas e esixencias curriculares que incidan directamente sobre o desenvolvemento das capacidades globais da personalidade do alumnado e sobre a importancia da aprendizaxe dos contidos procedementais e actitudinais.

Son fundamentalmente contidos actitudinais que deben entrar a formar parte, dinámica e integrada, na organización e desenvolvemento de toda a actividade escolar e, en concreto, de todas as áreas curriculares.

## **6. ENFOQUE DIDÁCTICO PARA AS CLASES DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS NESTA ETAPA.**

### ***a) O enfoque comunicativo.***

Fronte a outras consideracións, nós cremos que a lingua é unha ferramenta que as persoas usamos para organizar o noso pensamento, para expresarnos e para comunicarnos cos demais. É dicir, a lingua é algo que utilizamos tódolos días, en circunstancias e contextos moi diversos. Para facelo do mellor modo posible, é necesario que teñamos desenvolvida a nosa competencia lingüística,

é dicir, as capacidades que nos permitan o seu uso oral (comprender - falar) e o seu uso escrito (lectura - escritura) na nosa vida diaria.

Cremos que a área debe contribuír eficazmente ao desenvolvemento das catro capacidades, polo que se debe primar un enfoque que potencie a interrelación entre elas, de maneira que o que se consiga sexa unha mellora da competencia lingüística en xeral; algo que só se pode conseguir se se ten en conta esa realidade na escolla dos contidos e no deseño das actividades que se realicen na aula.

#### ***b) A potenciación da práctica oral.***

Se o galego fose unha lingua normalizada, este eixe seguiría tendo toda a súa validez. Porque, nunha sociedade coma a actual, é cada vez máis necesario que as persoas saiban expresar oralmente os seus pensamentos, dominen as técnicas de expresión, comprendan correctamente as mensaxes orais, posúan un amplo abano de recursos expresivos, etc.

Pero no caso da lingua galega esta necesidade é aínda maior. Dada a situación social do galego, hoxe temos o feito de que un sector da sociedade non é quen de expresarse con corrección e con fluidez na lingua propia do país, polo que, na práctica, renuncia a utilizala. As aulas poden ser un poderoso factor que axude a corrixir esta situación, traballando cos alumnos os recursos léxicos e expresivos que fan posible unha rica fluidez verbal.

#### ***c) A importancia da lectura.***

Aínda que se di reiteradamente que a lectura perde importancia na sociedade actual, os datos da realidade non indican que isto sexa así. O medre no número de libros editados, o incremento do número de xornais e revistas, a aparición de textos de lectura nos novos soportes informáticos e unha presenza cada vez máis ampla de textos escritos na vida cotiá indican que a lectura segue a ter unha importancia fundamental.

Por todo iso, cremos que a lectura, a lectura en galego, tanto na súa dimensión informativo-formativa como na súa dimensión lúdica e de desenvolvemento do gusto literario, debe ocupar un lugar privilexiado nas clases de Lingua e Literatura.

#### ***d) O papel relevante da escritura.***

Do mesmo xeito que pasaba coa lectura, a aparición doutros medios de comunicación interpersonal fixeron pensar que a escrita perdía importancia social. Hoxe vemos con claridade que non é así: non só aparece con forza nas novas formas de comunicación interpersonal ( correo electrónico, chat, mensaxería...), senón que a súa práctica cada vez é máis necesaria, tanto na súa dimensión clásica como na derivada da aparición das novas tecnoloxías.

Por esa razón, e tamén por considerar que a capacidade de expresión escrita é esencial no desenvolvemento da persoa, pensamos que debe ocupar un papel relevante na área de Lingua Galega. Cando dicimos isto, estamos a pensar nunha escrita de carácter instrumental, pero tamén nunha escrita de carácter persoal, que sirva para comunicar as nosas ideas, e nunha escrita creativa, que nos permita desenvolver capacidades que doutro xeito non desenvolveríamos.

**e) *Unha atención especial ó feito literario.***

Aínda que compartimos a idea de que, nunha etapa como a E.S.O., hai que prestar atención a unha ampla tipoloxía textual, sabemos que os textos literarios teñen unha dimensión que non posúen os doutro tipo. Por esa razón, cremos que a súa lectura, a súa análise, o seu estudio, teñen que ocupar un lugar de importancia dentro da nosa Área.

No caso da literatura galega, ademais, a necesidade deste traballo cos textos literarios é máis urxente, por diferentes razóns. Entre elas, non é a menor o feito de que a literatura xogou, e xoga, un papel determinante na configuración do ser colectivo do país, servindo de fío conductor para entender a historia da nosa lingua e a nosa historia colectiva.

**f) *O papel instrumental da morfosintaxe.***

Cremos que a morfosintaxe, é dicir, as regras de funcionamento da lingua, ten unha importancia fundamental. Pero cremos tamén que a súa función na E.S.O. debe ser só de carácter instrumental. É dicir, debe estar ao servizo da competencia expresivo-comunicativa, de maneira que se traballen sobre todo aqueles contidos que nos serven para mellorar a nosa práctica oral, a nosa comprensión lectora e a nosa escritura.

Nestas idades é posible ademais un tratamento explícito dos contidos morfosintácticos. Con todo, cómpre ser conscientes da súa función instrumental, xa que a experiencia nos indica que na nosa área tense caído no erro de identificar as clases de lingua con clases de gramática, chegando a darse o caso de rapaces e rapazas que, coñecendo normas e regras da morfosintaxe, non as aplicaban na súa práctica lingüística. É vital cambiar enfoques coma este, profundamente equivocados, e que ademais inciden negativamente na normalización lingüística.

**g) *A importancia dos medios de comunicación.***

É innegable que unha boa parte das mensaxes que lemos ou escoitamos chégannos a través dos chamados medios de comunicación de masas, tanto escritos como audiovisuais. As súas mensaxes teñen unhas características e uns códigos específicos, que é necesario coñecer. De aí que creamos que estes medios teñen que estar moi presentes nas aulas, e que as súas mensaxes teñen que ser analizadas e estudadas, para un mellor coñecemento das mesmas, imprescindible se queremos evitar unha recepción acrítica.

**h) *O léxico: a necesidade de recuperar os nomes das cousas.***

O traballo co léxico tamén debe ocupar un lugar relevante. ¿Por que? As razóns son moitas nunha época na que hai o perigo de que o vocabulario activo se reduza a uns poucos centos de palabras. Porque para a expresión oral e escrita é imprescindible a riqueza léxica, a elección da palabra axeitada para nomear os diferentes conceptos, sentimentos ou sensacións. Pero tamén porque, no caso galego, o feito de que a lingua non estea normalizada, o feito de que pasase por moitos anos de marxinação e abandono, fai que sexa preciso recuperar os nomes das cousas, corrixindo as abondosas interferencias que hoxe lastran a práctica dun amplo sector do alumnado.

**i) *O fomento de actitudes positivas cara á lingua.***

As actitudes negativas cara á lingua, presentes hoxe na nosa sociedade, son o problema esencial co que hoxe se enfronta a normalización lingüística.

Estas actitudes, baseadas en prexuízos e desinformacións, deben ter un tratamento específico na Área de Lingua e Literatura Galegas, a través dos contidos, das actividades e, sobre todo, a través das actitudes do profesorado, de maneira que vaian desaparecendo e sendo substituídas por actitudes positivas cara á lingua e á súa normalización social.

## **7 CONTIDOS TRANSVERSAIS**

Os contidos transversais forman parte dos obxectivos educativos da E.S.O. polo que é importante a súa inclusión en tódos os currículos. A forma de abordalos será diversa como diversas son as actividades que colaboren á adquisición dos demais contidos conceptuais, procedementais e actitudinais, e aparecerán, por exemplo, en lecturas, exposicións ou debates. Serán os seguintes temas, o obxecto deste tratamento:

**Educación moral e cívica:** busca o fomento da convivencia e do seu recurso principal, o diálogo, como o único xeito de constituír relacións nas sociedades contemporáneas. Débense fomentar os hábitos de convivencia no centro.

**Educación vial:** debe poñer o acento no problema da inseguridades nas estradas e no fomento dos hábitos de cumprimento das normas de circulación tanto nos peatóns como nos conductores.

**Educación para a saúde:** partindo do coñecemento da fisioloxía do corpo o obxectivo principal vai ser fomentar a idea do benestar físico e mental como un valor, sen esquecer a promoción do uso sá do lecer.

**Educación ambiental:** crear o sentido da responsabilidade individual na conservación do medio ambiente co fomento dos hábitos respectuosos co entorno. Neste ciclo o propio Centro é o lugar de orixe dunha conducta respectuosa co noso entorno que logo levar ó medio ambiente

**Educación para a paz:** o coñecemento da presenza continua da violencia nas sociedades humanas e a incorporación definitiva de valores tolerantes, pacifistas, cooperativos, internacionalistas entre os valores das novas xeracións.

**Educación para o consumo:** debe buscarse un consumo responsable que enfrente criticamente as necesidades reais co seu custo económico, medioambiental, social e individual. Entre xoves é importante que coñezan os dereitos que teñen como consumidores e as características da linguaxe publicitaria.

**Educación sexual:** tendo en conta as idades do alumnado de cada ciclo, hai que achegarse dun xeito diferente ós temas da sexualidade, que abranguen cuestións afectivas, fisiolóxicas e morais, sen esquecer o tratamento non sexista deste tema.

**Educación non sexista:** o obxectivo neste ciclo debe ser superar os prexuízos sexistas que imperan na sociedade e nos medios de comunicación de masas. A idea que se ten que fomentar é que todos participamos en tódalas actividades e responsabilidades sen encasillamentos.

**Educación nos medios de comunicación:** a complexidade do mundo dos mass media motiva que a reflexión sobre a súa utilización, comprensión e recepción crítica sexa un asunto que atravesese tódalas áreas. O obxectivo abranguerá tamén a búsqueda dunha utilidade educativa e social destes medios de información

## **8- COMPETENCIAS BÁSICAS EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

A lingua é o soporte do noso pensamento, organízao e regula as nosas emocións e, xa que logo, a nosa conduta. É un instrumento de representación e comprensión da realidade e de adquisición de coñecementos e ademais, un medio de comunicación oral e escrita.

Comunicarse, conversar son as bases para establecer vínculos e relacións cos demais e co contorno. Por iso a competencia lingüística está na base da capacidade afectiva de convivir e de resolver conflitos.

As competencias na comunicación lingüística refírense á utilización da lingua para:

- A comunicación oral e escrita
- A representación, interpretación e comprensión da realidade.
- A construción e comunicación do coñecemento.
- A autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

E os saberes que comprenden son :

- Os coñecementos lingüísticos, textuais e discursivos, a reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que interveñen no uso da lingua, as características, a intención comunicativa e as estruturas lingüísticas.
- As habilidades para usar estes coñecementos en relación con tarefas comunicativas específicas.
- Os saberes actitudinais : saber escoitar, saber contrastar opinións ou ter en conta as ideas ou opinións dos demais.

## **9- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O profesorado ten diferentes formas de actuación para adaptar a programación aos distintos ritmos dos diferentes alumnos. Cando non haxa especiais dificultades esta adaptación farase na propia clase.

O alumnado con especiais dificultades é atendido en agrupamentos flexibles en 1º e 2º curso de ESO.

## **10- MATERIAIS**

Ademais dos libros de texto e das lecturas obrigatorias que en cada curso deben ler os nosos alumnos e alumnas, levaranse ás aulas diferentes obras clásicas da nosa literatura para facer lecturas en común, en voz alta e comentadas. Para iso contamos con suficientes exemplares de obras sobranceiras para que, como máximo, compartan cada exemplar dúas persoas. Contamos ademais con material audiovisual, como aparato de televisión e reprodutores de CD e DVD ou de fitas VHS, para poderen os/as alumnos/as escoitar na clase cantigas ou poemas musicados ou ver algunha película de interese.

## **11- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Para o alumnado da ESO, como adoitamos facer todos os cursos, aproveitaremos o programa do Concello de Vigo, “Vigo por dentro” e visitaremos este ano o Museo Olimpo Liste e o de Artesanía Tradicional. O curso de terceiro, participará, tamén como cada ano, na visita didáctica que o noso Centro organiza para coñecer o contorno do Castro e, se o tempo axuda, repetirase ademais a excursión que en anos anteriores xa se ten realizado e que adoitamos chamar “Do Castro a Castromao”.

Ó longo do curso, cabe a posibilidade de organizar diferentes actividades que poidan ir xurdindo como ou seren ofrecidas por editoriais ou outros organismos. Cara á primavera temos prometida a visita do autor de “Ollos de auga”, Domingo Villar, para falar da súa obra, que vai ler o alumnado de terceiro da ESO e aqueles/as doutros cursos que decidan facelo.

## **CONTIDOS E OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE 1º ESO**

### **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

#### **I. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN**

##### **1- Comunicación oral.**

Comprensión de textos: Comprensión de textos propios dos medios de comunicación, especialmente de novas de actualidade próximas aos intereses do alumnado. Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización ou breves exposicións orais de temáticas variadas. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes dos informativos dos medios de comunicación. Identificación dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes e procura de alternativas. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Producción de textos: Exposición planificada, clara e ordenada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación. Narración oral coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC a partir dun guión preparado previamente, incluíndo descrições sinxelas, ideas e valoracións relativas aos feitos expostos. Participación activa en situacións propias do ámbito académico (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións, exposición de conclusións...). Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos e presentacións orais. Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado a estas. Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva aplicadas, por exemplo, á expresión e recepción de sentimentos positivos. Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

## **2 - Comunicación escrita.-**

Comprensión de textos: Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como mensaxes de chat e de correo electrónico, normas e instrucións de uso. Comprensión de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias relacionadas coa vida cotiá, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal, á información dos feitos e aos elementos paratextuais. Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídas webs educativas e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes). Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo. Utilización dirixida da biblioteca do centro e das TIC para obter tanto información como modelos para a composición escrita. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes das

informacións dos xornais. Identificación dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes e procura de alternativas. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.

Produción de textos escritos: Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como instrucións e normas, mensaxes de chat ou de correo electrónico. Composición de textos propios dos medios de comunicación impresos ou dixitais, especialmente noticias. Composición de textos propios do ámbito académico, especialmente conclusións sobre tarefas e aprendizaxes efectuadas, resumos, esquemas e exposicións sinxelas. Composición de textos narrativos e descritivos. Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios... de cada escrito. Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

### **3 - Funcionamento da lingua.-**

Recoñecemento das intencións comunicativas expresadas a través das modalidades oracionais. Recoñecemento e uso reflexivo dos mecanismos de cohesión textual como a deixé persoal, a actualización e a referencia interna de tipo gramatical e mais dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos. Indución, a partir de usos contextualizados, da diferenza entre palabras flexivas e non flexivas e recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio), para o perfeccionamento da produción e comprensión textuais. Indución das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para a mellora das estruturas na construción e revisión de textos. Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais. Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica mediante a lectura de textos. Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe. Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras e normativa.

### **4- Lingua e sociedade.-**

Coñecemento xeral da diversidade lingüística no mundo e no Estado español, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. Observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula, barrio...), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes. Consciencia da necesidade e das

potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo. Observación das principais diferenzas, contextuais e formais, entre usos de distintos niveis e rexistros, tanto na oralidade como na escrita.

## **5 - Educación literaria.-**

Selección guiada e lectura orientada de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo. Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados, captando o uso dos recursos estilísticos principais do nivel semántico e os que conforman o ritmo poético. Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de diferentes textos narrativos breves, recoñecendo a funcionalidade dos elementos formais básicos. Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de pezas teatrais, apreciando os seus compoñentes e procedementos máis relevantes. Comparación entre textos literarios e non literarios e dos tres grandes xéneros. Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua. Análise doutras linguaxes estéticas: o cómic. Aproveitamento guiado dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

## **Secuenciación.-**

En cada trimestre traballaranse os catro bloques de contidos tendo como tarefas obrigadas, no primeiro, a realización dunha exposición oral e a lectura dunha obra literaria e dun comentario crítico sobre ela; no segundo trimestre, a preparación e realización dun debate e a lectura doutro libro e no terceiro, a recitación pública dun poema previamente memorizado, e a lectura dun terceiro libro.

## **II. CRITERIOS DE AVALIACIÓN .-**

1. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico. Seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe. Este criterio permite avaliar se o alumnado é quen de comprender e de reproducir, oralmente ou por escrito, o propósito, o tema e os feitos fundamentais de textos oídos, como noticias de actualidade procedentes dos medios de comunicación, instrucións para realizar tarefas ou breves exposicións de tema académico.

2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos escritos sinxelos dos ámbitos social e académico. Seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe. Este criterio permite avaliar se o alumnado é quen de comprender e resumir contos, noticias, mensaxes electrónicas, informacións de enciclopedias e outros textos

escritos semellantes, recoñecendo o tema principal e os secundarios, se os houber, apoiándose en aspectos gráficos (tipos de letra, subliñados, ilustracións...) ou en trazos de cohesión claros (distribución en parágrafos, comezo e final destes...). Tamén permite comprobar se o alumnado é capaz de seguir instrucións escritas sinxelas relacionadas coas tarefas de aprendizaxe que debe abordar.

3. Realizar exposicións e narracións orais planificadas claras e áxiles e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación. Con este criterio preténdese descubrir cal é a capacidade do alumnado para narrar, describir e expoñer oralmente sucesos, informacións, valoracións, etc. seguindo un guión previamente elaborado e axudándose dos medios audiovisuais e das TIC. Preténdese tamén que sirva para valorar a calidade das súas interaccións orais, tanto cando exerce o papel de emisor como cando exerce o de receptor, calidade que deberá demostrar no traballo cotián da aula e mais nas situacións propias do contexto extraescolar que se simulen nela. Debe servir para valorar habilidades lingüísticas e actitudes: a corrección, o respecto aos valores democráticos e ás regras sociocomunicativas (saúdos, non interrupción de quen fala...), a actitude dialogante e atenta ás expresións ou opinións dos demais, a pertinencia e mais a adecuación das intervencións e a manifestación de ideas e sentimentos propios.

4. Escribir, seguindo un modelo, narracións e descricións, así como outros textos sinxelos propios da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios de comunicación. Planificar e revisar os ditos textos coa axuda do profesorado aplicándolles normas básicas de adecuación, de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica. Este criterio permitiralle ao alumnado demostrar que é capaz de escribir textos breves e sinxelos como mensaxes de correo electrónico, noticias, contos, resumos de temas académicos adecuados á idade... previamente planificados mediante esquemas que reflectan as ideas que se queren expresar. Tamén permitirá comprobar se se cuida a presentación (marxes, sangrados, tamaños de letra, subliñados, ilustracións...) e se se revisan as propias producións, aproveitando para todo isto os coñecementos que ten o alumnado e as posibilidades que ofrecen procesadores de textos, correctores ortográficos ou dicionarios e vocabularios en diversos soportes.

5. Consultar, baixo a dirección do profesorado, textos en diferentes soportes co fin de extraer a información solicitada e incorporala ás propias producións. Este criterio está orientado a avaliar a capacidade de usar con efectividade un recurso concreto sinalado polo profesorado e procedente, ben da biblioteca do centro, ben dos medios audiovisuais e das TIC, para responder a preguntas formuladas na aula.

6. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito dirixido os propios textos. Con este criterio procúrase comprobar como se usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para a mellora da comprensión e mais da composición e revisión textuais. Avalíase, sobre todo, a aprehensión do funcionamento dos mecanismos de cohesión (a deíxe, a actualización, as referencias internas de tipo gramatical, os conectores), da adecuación e da gramaticalidade e a súa incorporación ás producións propias, recoñecendo os erros e considerándoos parte do proceso de aprendizaxe.

7. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica. Este criterio permitirá saber se se inducen e asimilan as formas e as regras lingüísticas a través dos usos contextualizados e se se coñece e se se usa de forma adecuada a terminoloxía necesaria para seguir as explicacións e as actividades sobre a lingua que se realizan na aula. Avaliarase tamén a progresiva autonomía na obtención de todo tipo de información lingüística en dicionarios e outras obras de consulta.

8. Observar os condicionamentos máis evidentes da valoración e uso social do galego e utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos. Con este criterio avaliarase a comprensión, a través dun achegamento activo, do contexto sociolingüístico máis próximo, considerando a percepción das actuacións normalizadoras e da presenza de prexuízos, así como a adopción de actitudes positivas cara o uso normalizado da lingua.

9. Recoñecer a diversidade lingüística do mundo actual, con especial atención ao contorno peninsular. Este criterio permite avaliar o recoñecemento da diversidade lingüística e cultural e se esta chega a ser entendida como riqueza e reflexo do dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, valorándoa positivamente.

10. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e recoñecendo os trazos xerais do xénero. Este criterio está dirixido a avaliar a competencia lectora no ámbito literario a través da lectura persoal de obras completas axeitadas á idade. Considerarase a elaboración dunha opinión propia atendendo á potencialidade dos trazos temático-formais do xénero para ampliar o coñecemento do mundo que cada quen posúe.

11. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente os trazos xenéricos e á funcionalidade dos recursos retóricos. Con este criterio avalíase a comprensión e valoración de textos representativos do sistema literario (de distintos canons) a partir dos comentarios realizados na aula. Porase

especial atención na identificación das características xenéricas e na captación do valor funcional dos principais recursos retóricos.

12. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empreguen. Avaliarase a través deste criterio a implicación en obradoiros literarios de (re)creación a partir de modelos, con comprensión dos distintos recursos, fundamentalmente estilísticos, dos textos lidos e comentados na aula. Terase que comprobar que o alumnado é quen de empregar nos propios escritos determinados coñecementos literarios

### **III. OBXECTIVOS.-**

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.

2. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.

3. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.

4. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.

5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.

7. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.

8. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.

9. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

10. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.

11. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

12. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

#### **IV. CONTIDOS MÍNIMOS.-**

##### **1- Comunicación oral**

- Comprensión de textos orais propios dos medios de comunicación e do ámbito académico
- Producción de textos explicativos, narrativos e descritivos procurando unha correcta dicción e entoación.

##### **2- Comunicación escrita**

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación ou do ámbito académico.
- Producción de textos propios da vida cotiá e outros explicativos procurando coherencia, adecuación á temática e boa presentación.

##### **3- Funcionamento da lingua**

- Mecanismos de cohesión textual.
- Recoñecemento das categorías gramaticais básicas.
- Funcións sintácticas principais.

##### **4- Lingua e sociedade**

- A diversidade lingüística no Estado español e no mundo.
- Situación sociolingüística do galego.
- Rexistros lingüísticos.

##### **5- Educación literaria**

- Lectura expresiva e comprensiva de textos literarios.

- Creación de textos de intención literaria.
- Recoñecemento dos tres grandes xéneros.

## **CONTIDOS E OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE SEGUNDO ESO. LINGUA GALEGA E LITERATURA**

### **OBXECTIVOS**

- Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito, da forma máis axeitada á situación comunicativa.
- Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito para elaborar todo tipo de producións (argumentacións, exposicións, planificación de tarefas, instrucións, etc.) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
- Interpretar e analizar textos dos medios de comunicación, sobre todo noticias, crónicas e reportaxes, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal, tanto en formato papel como dixital.
- Comprender e elaborar textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo, incluídos webs educativos, información de enciclopedias en diversos soportes.
- Coñecer as principais etapas da historia externa da lingua.
- Entender a realidade sociolingüística de Galicia asimilando os conceptos de bilingüismo e diglosia e recoñecendo as interferencias lingüísticas.
- Coñecer a lexislación esencial referida ao uso e aplicación da lingua galega.
- Coñecer e valorar as variedades xeográficas da lingua galega.
- Recoñecer e utilizar de maneira reflexiva os nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os espaciais e os de oposición e contraste.
- Coñecer o vocabulario básico relacionado coas relacións sociais.
- Substituír palabras polos sinónimos ou antónimos adecuados ao contexto.
- Utilizar produtivamente os dicionarios especializados.
- Recoñecer semántica, formal e sintacticamente as clases de palabras e coñecer os seus aspectos morfolóxicos máis precisos para a mellora da comprensión e produción de textos.
- Identificar a estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivos e verbos.
- Identificar os distintos elementos sintácticos da frase e recoñecer a súa función.
- Coñecer e aplicar con corrección as regras básicas de acentuación e as específicas da acentuación diacrítica.
- Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de puntuación de textos.
- Aplicar con corrección as normas ortográficas dos grupos consonánticos.
- Recoñecer os principais recursos estilísticos da lírica, da narrativa e da dramática.
- Comentar textos, establecendo unha relación entre a literatura e o contexto histórico e persoal do autor, de trobadores, poetas do século XIX e narradores e dramaturgos do século XX.

## CONTIDOS

### Comunicación

- Características da comunicación oral e escrita.
- Características propias dos textos dos medios de comunicación: noticia, crónica e reportaxe.
- Textos propios da vida académica e cotiá do alumnado.
- Textos explicativos e expositivos.
- Nexos e conectores textuais e mecanismos de cohesión textual.

### Lingua e sociedade

- Historia externa da lingua.
- A realidade sociolingüística de Galicia: bilingüismo e diglosia.
- As interferencias.
- A lexislación sobre o uso e aplicación da lingua galega.
- Variedades xeográficas da lingua galega.

### Léxico

- Campos semánticos das relacións sociais: familia, escola, relacións persoais, fórmulas de cortesía, oficios e profesións, antroponimia, compras, medios audiovisuais e de comunicación, diversións e viaxes.
- Conceptos léxico-semánticos básicos: sinónimos e termos contrarios (recíprocos, complementarios, antónimos), préstamos, elipses.

### Gramática

- Estrutura das palabras flexivas.
- Palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas.
- Estrutura da oración.
- Estrutura das frases: frase substantiva, frase nominal, frase adxectiva, frase adverbial, frase preposicional.
- Xénero e número do substantivo.
- Os determinantes.
- Os graos do adxectivo.
- Os pronomes. Colocación dos pronomes átonos.
- Os verbos. Verbos con variacións. Verbos irregulares.
- Os adverbios.
- Elementos de relación: preposicións e conxuncións.
- Funcións das diferentes clases de palabras na frase.

### Ortografía

- Repaso de acentuación.
- O til diacrítico.
- Repaso dos signos de puntuación.
- Uso de *b* e *v*.

- Uso do *h*.
- Uso de *n* e *ñ*.
- Uso correcto das vogais.
- Os grupos consonánticos.

#### Literatura

- Principais recursos estilísticos da lírica.
- Principais recursos estilísticos da narrativa.
- Principais recursos estilísticos do xénero dramático.
- Lectura e comentario de textos medievais, dos Séculos Escuros, do século XIX e XX.

#### Desenvolve as túas competencias

- Definición de conceptos.
- Planificación, elaboración e exposición de traballos.
- Comparación dunha mesma información proporcionada en distintos medios.
- Busca de información utilizando as novas tecnoloxías e os soportes básicos.
- Solución de conflitos e redacción de conclusións.
- Interpretación e elaboración de cadros e esquemas.
- Reflexión e argumentación a partir de ideas dadas.
- Análise de fraseoloxía popular.
- Análise de noticias, crónicas e reportaxes.
- Elaboración de fichas biográficas e informativas.
- Dedución de ensinanzas a partir de textos dados ou de situacións simuladas.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Utiliza a lingua galega oralmente e por escrito, da forma máis axeitada á situación comunicativa.
- Utiliza a lingua galega oralmente e por escrito para elaborar todo tipo de producións (argumentacións, exposicións, planificación de tarefas, instrucións, etc.) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
- Interpreta e analiza textos dos medios de comunicación, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal, tanto en formato papel como dixital.
- Comprende e elabora textos do ámbito académico, incluídos webs educativos, información de dicionarios e enciclopedias e glosarios en diversos soportes.
- Coñece as principais etapas da historia externa da lingua.
- Entende a realidade sociolingüística de Galicia, así como os conceptos de bilingüismo e diglosia, e recoñece as interferencias lingüísticas.
- Coñece a lexislación esencial referida ao uso e aplicación da lingua galega.
- Coñece e valora as variedades xeográficas da lingua galega.
- Recoñece e utiliza de maneira reflexiva os nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os espaciais e os de oposición e contraste.
- Coñece o vocabulario básico relacionado coas relacións sociais.
- Substitúe palabras polos sinónimos ou antónimos.
- Utiliza produtivamente os dicionarios especializados.
- Recoñece semántica, formal e sintacticamente as clases de palabras e coñece os seus aspectos morfolóxicos máis precisos.

- Identifica a estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivos e verbos.
- Identifica os distintos elementos sintácticos da frase e reconece a súa función.
- Coñece e aplica con corrección as regras básicas de acentuación e as específicas da acentuación diacrítica.
  
- Coñece e aplica con corrección as normas básicas de puntuación de textos.
- Aplica con corrección as normas ortográficas dos grupos consonánticos.
- Reconece os principais recursos estilísticos da lírica, da narrativa e da dramática.
- Comenta textos, establecendo unha relación entre a literatura e o contexto histórico e persoal do autor, de trobadores, poetas do século XIX e narradores e dramaturgos do século XX.

## **CONTIDOS E OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE TERCEIRO ESO. LINGUA GALEGA E LITERATURA**

### **I. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN.-**

#### **1-Comunicación oral.**

**Comprensión de textos:** Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes. Análise encamiñada á comprensión e á valoración crítica da comunicación televisiva e da radiofónica coas súas especificidades. Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización, intervencións en simposios ou exposicións orais de temáticas variadas. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención ás procedentes das entrevistas, noticias, reportaxes e crónicas. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios, detección dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con progresiva autonomía ás propias producións. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética

galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

**Produción de textos:** Exposición planificada, clara e ordenada sobre temas de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación, contrastando os diferentes puntos de vista e opinións neles expresadas e axudándose dos medios audiovisuais e das TIC. Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, breve exposición de traballos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, informes sobre as tarefas realizadas...). Participación en entrevistas e simposios simulados, así como en situacións de comunicación propias da vida cotiá do alumnado, adoptando o rexistro adecuado a elas. Uso consciente dos elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos...) na intervención oral planificada. Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva (por exemplo, á hora de formular e reaccionar a críticas). Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

## **2-Comunicación escrita.**

**Comprensión de textos escritos:** Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como actas de reunión, regulamentos... Comprensión de textos dos medios de comunicación, recoñecendo as diferenzas entre información e opinión en entrevistas, crónicas, reportaxes... Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídos webs educativas e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes). Detección do tema e dos subtemas de textos expositivos e aplicación a estes de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estructuren visualmente e resumo. Utilización practicamente autónoma da biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar a información. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes de reportaxes, crónicas ou entrevistas dos medios de comunicación. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios, detección dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con progresiva autonomía ás propias producións. Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego (entoación, fonética sintáctica...) e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

**Produción de textos escritos:** Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como actas de reunión, solicitudes, etc. Composición de textos propios dos medios de

comunicación en soporte papel ou dixital, fundamentalmente entrevistas, crónicas e reportaxes. Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos, propios do ámbito académico, elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Elaboración de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes. Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito. Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

**3- Funcionamento da lingua:** Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con recoñecemento das intencións comunicativas expresadas a través dos modos e perífrases verbais. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores e de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico, sobre todo a hiperonimia e a nominalización; análise e aplicación da función cohesiva das familias léxicas. Recoñecemento, sobre usos contextualizados, dos mecanismos de formación de palabras (derivación e composición), para o perfeccionamento da comprensión e produción textuais. Recoñecemento da diferenza entre funcións sintácticas e unidades que as desempeñan (incluíndo as que teñen forma oracional), de cara á mellora das estruturas na construción e revisión de textos, con emprego dunha terminoloxía sintáctica axeitada. Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula. Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos expositivos, alleos e propios. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais. Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e aplicación práctica nas interaccións orais espontáneas. Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe. Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre formación de palabras, familias léxicas e normativa.

**4- Lingua e sociedade:** Coñecemento xeral e concreción no marco peninsular das causas que contribúen á formación, expansión, transformación, minorización, substitución e normalización das linguas, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Valoración positiva do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. Coñecemento xeral da formación da lingua galega e das distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, con manexo de textos da época e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e

comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes. Comprensión da situación sociolingüística galega a través da abordaxe dos fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico, interferencias...), desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios audiovisuais e das TIC, que permitan enfrontar prexuízos lingüísticos. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo. Recoñecemento das características contextuais e formais dos distintos niveis e rexistros, aplicación segundo as circunstancias da situación comunicativa e valoración da necesidade de adecuarse a elas.

**5- Educación literaria:** Selección e lectura autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo, especialmente da nosa realidade histórico-cultural anterior ao século XX. Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos poéticos recitados ou cantados da literatura galega desde a Idade Media ao século XIX e da popular, comentando as motivacións e o tratamento das temáticas máis recorrentes en distintos períodos e a funcionalidade das sucesivas formas e recursos estéticos. Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de prosa galega anterior ao século XX, así como de contos e lendas populares, recoñecendo as diversas concepcións da narrativa e os procedementos asociados. Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos do teatro galego anterior ao século XX, observando as súas características. Desenvolvemento de tarefas colectivas pouco complexas ou elaboración de traballos sinxelos, ambos sobre as lecturas e o seu contexto (etapas, cultura e ambiente literarios, axentes, etc.), entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego. Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. Análise doutras linguaxes estéticas: o cinema. Aproveitamento progresivamente autónomo dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

### **Secuenciación**

Ó longo dos tres trimestres teranse que realizar diferentes exercicios de expresión e comprensión oral e escrita. No primeiro trimestre traballarase sobre todo os texto propios dos medios de comunicación de masas coa súa diversa tipoloxía e neles analizarase o emprego dos mecanismos de cohesión textual, a estrutura sintáctica e os campos semánticos e familias léxicas. No segundo trimestre aproveitarase o estudo dos textos da vida cotiá e da vida académica para facer exposicións e lecturas sobre a situación sociolingüística e as súas causas, o plurilingüismo e a historia da nosa lingua e no terceiro trimestre leranse e tentarase producir textos literarios analizándose as etapas da nosa literatura e as figuras máis sobranceiras.

## II. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.-

1. Comprender a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, así como seguir e recoller resumidamente o desenvolvemento oral dunha exposición académica. Este criterio debe permitírnos comprobar se o alumnado pode extraer a idea fundamental e mais a información relevante de crónicas, reportaxes ou entrevistas dos medios de comunicación audiovisual. Así mesmo, debe servir para constatar se dá comprendido, e recollido en resumos e esquemas que reflectan a xerarquización das ideas, textos expositivos propios do ámbito académico

2. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación, así como da vida académica, analizando criticamente os seus contidos, interpretando as connotacións e mensaxes implícitas que deles se deduzan e inferindo o tema principal e os secundarios. Comprender e seguir as instrucións que regulan a vida social e os procesos de aprendizaxe complexos. Con este criterio perséguese comprobar se as alumnas e os alumnos identifican o tema xeral, os subtemas e o propósito comunicativo, non sempre explícito, de diferentes tipos de texto fundamentais na vida social e cultural (crónicas, entrevistas, actas, etc.) e saben distinguir e interpretar os contidos informativos e valorativos, contrastándoos con outros procedentes doutras fontes.

3. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación. Con este criterio preténdese comprobar cal é a capacidade do alumnado para expoñer oralmente informacións de actualidade, así como traballos e informes académicos, seguindo un guión previamente elaborado e mantendo a atención do auditorio coa axuda de pausas e inflexións da voz, da linguaxe non verbal e dos medios audiovisuais e das TIC.

4. Escribir textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico, usando con progresiva liberdade os modelos propostos na aula. Planificar e revisar os ditos textos de maneira case autónoma para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica. Con este criterio búscase comprobar se a redacción das producións do alumnado se axusta ás propiedades textuais todas e se dominan as técnicas fundamentais da escrita compositiva: planificar analizando a situación comunicativa, xerando e organizando as ideas e revisar realizando sucesivas versións.

5. Consultar de maneira case autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar e analizar criticamente a información relevante para integrala nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel. Este criterio permite valorar a capacidade do alumnado para usar con efectividade os recursos e posibilidades da biblioteca do centro, así como os medios audiovisuais e as TIC (dicionarios, buscadores, bibliotecas e enciclopedias virtuais...). Con el comprobaremos se o alumnado pode contrastar e extraer información relevante de diversas fontes e incorporalas aos seus traballos de aula recoñecendo a autoría das ideas recollidas e expresando coas propias palabras algunhas delas.

6. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos. Con este criterio procúrase comprobar como se usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para a mellora da comprensión e mais da composición e revisión textuais. Avaliase, sobre todo, a aprehensión do funcionamento dos mecanismos de cohesión (as familias léxicas, as referencias internas de tipo léxico, os nexos e conectores), da adecuación, da coherencia e da gramaticalidade e a súa incorporación ás propias producións, recoñecendo os erros e considerándoos parte do proceso de aprendizaxe.

7. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada. Este criterio permitirá saber se se inducen e asimilan as formas e as regras lingüísticas a través dos usos contextualizados e, ademais, se se coñece e se usa de forma adecuada a terminoloxía necesaria para seguir as explicacións e as actividades sobre a lingua que se realizan na aula e para referirse aos coñecementos gramaticais. Avaliarase tamén a progresiva autonomía na obtención de todo tipo de información lingüística en dicionarios e outras obras de consulta.

8. Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XX; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos. Con este criterio preténdese avaliar a comprensión das circunstancias que definen as diferentes etapas da historia social da lingua galega co fin de afirmala como propia de Galicia e entender mellor a súa situación actual. Tamén se estimará a capacidade de análise, tras un achegamento activo, do noso contexto sociolingüístico e de reflexión crítica diante dos prexuízos e mais a adopción de actitudes positivas cara ao uso normalizado da lingua.

9. Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos. Avaliase a través deste criterio o recoñecemento das

circunstancias que actúan na conformación e evolución social das linguas, especialmente das do noso contorno.

10. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando a estrutura, o punto de vista e o emprego da linguaxe. Este criterio está dirixido a coñecer a competencia lectora no ámbito literario a través da lectura persoal de obras completas axeitadas á idade.

11. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, á evolución dos xéneros, formas e estilos e á funcionalidade dos recursos retóricos. Con este criterio avalíase a comprensión e valoración de textos representativos do sistema literario, enmarcándoos nun determinado momento en relación coa evolución das formas e motivos da escrita anterior ao século XX.

12. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas. Este criterio comprobará se se comprende o fenómeno literario como una actividade comunicativa estética nun contexto histórico determinado. Avaliarase a implicación en obradoiros literarios de (re)creación a partir dos textos lidos na aula e, ademais, a realización, en soporte papel ou dixital, dun traballo persoal de síntese e tratamento da información obtida sobre períodos, movementos, autores ou obras ou a participación nun labor colectivo de resolución de problemas no campo literario.

### **III. OBXECTIVOS.-**

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.

2. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.

3. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.

4. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.

5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.

7. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.

8. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.

9. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

10. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.

11. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

12. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

#### **IV. CONTIDOS MÍNIMOS.-**

##### **1- Comunicación oral.-**

-Comprensión de textos propios dos medios de comunicación e do ámbito académico.

-Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios e detección de prexuízos.

-Producción de textos explicativos, narrativos e descritivos, axudándose dos medios audiovisuais e das TIC.

-Uso consciente dos elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación...) e non verbais (xestos, movementos...).

##### **2- Comunicación escrita.-**

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación ou do ámbito académico.
- Análise do contido de textos escritos.
- Utilización autónoma da biblioteca e das TIC para obter información.
- Lectura en voz alta, adecuada ós patróns fonéticos do galego.
- Producción de textos propios da vida cotiá, dos medios de comunicación e do ámbito académico, en soporte papel ou dixital, empregando distintas fontes.

### 3- **Funcionamento da lingua.-**

- Recoñecemento e emprego dos nexos e conectores máis comúns.
- Recoñecemento dos mecanismos da formación de palabras.
- Recoñecemento da diferenza entre funcións sintácticas e unidades que as desempeñan.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.
- Uso dun léxico o suficientemente amplo e preciso.

### 4- **Lingua e sociedade.-**

- A diversidade lingüística no Estado español.
- Formación da lingua galega e distintas etapas da súa historia social ata o S.XIX.
- Comprensión da situación sociolingüística galega.
- Recoñecemento e valoración das características contextuais dos diferentes rexistros lingüísticos.

### 5.- **Educación literaria.-**

- Lectura de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e o pracer lector.
- Lectura expresiva e comprensiva de textos poéticos da literatura galega desde a Idade Media ata o S. XIX.
- Recitación de textos poéticos aprendidos previamente.
- Lectura expresiva e comprensiva de prosa galega anterior ó S.XX
- Lectura expresiva e comprensiva de fragmentos do teatro galego anterior ó S.XX
- Creación de textos con intención literaria.
- Elaboración de traballos sinxelos sobre as lecturas.

## **CONTIDOS E OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DE CUARTO ESO. LINGUA GALEGA E LITERATURA**

### **OBXECTIVOS**

- Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes, identificando a intención comunicativa.
- Analizar as diferentes linguaxes específicas dos medios de comunicación audiovisuais.
- Identificar e utilizar correctamente os nexos e conectores textuais máis comúns e mais os mecanismos de cohesión textual.
- Coñecer o vocabulario básico relacionado coas institucións, as tradicións e os costumes.
- Identificar palabras polisémicas, homónimas e parónimas.
- Coñecer as distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX, e assimilar os conceptos de “normativización” e “normalización”.
- Comprender a situación actual do idioma galego e coñecer a lexislación que regulamenta o uso das linguas oficiais de Galicia.
- Identificar as principais variantes xeográficas do galego e integralas nun estándar global da lingua.
- Identificar a frase como constituínte da oración e distinguir os distintos tipos de frases.
- Analizar as funcións sintácticas na oración e os tipos de oración segundo a natureza do predicado.
- Identificar e analizar as oracións coordinadas e subordinadas, así como as oracións compostas.
- Integrar as normas ortográficas, de puntuación, acentuación, maiúsculas, siglas e acrónimos nas propias producións.
- Identificar neoloxismos e préstamos, estranxeirismos e tecnicismos.
- Coñecer e empregar técnicas de procura de información en novos soportes (redes informáticas, CD-Rom...), así como de tratamento informático de textos (uso dos correctores ortográficos).
- Coñecer as características fundamentais, tendencias literarias e autores máis destacados dos séculos XX e XXI.
- Coñecer as tendencias actuais da lírica, da narrativa e da dramática.

### **CONTIDOS**

#### **Lectura e comentario**

- As diferentes linguaxes específicas dos medios de comunicación audiovisuais.
- A linguaxe publicitaria.
- Estructuras expositivas e argumentativas.

#### **Campo semántico**

- Léxico relacionado coas institucións, as tradicións e os costumes: a

administración, os acontecementos cíclicos, etc.).

#### Estudo da lingua

- Historia da lingua galega desde comezos do século XX. Normalización e normativización.
- A situación actual do idioma galego: lexislación que regula o uso das linguas oficiais de Galicia.
- Variedades internas da lingua.
- Variedades xeográficas: principais fenómenos lingüísticos do galego.
- Constituíntes da oración: a frase; tipos de frases. Funcións sintácticas na oración. Coordinación e subordinación. A oración composta; tipos.
- Polisemia, homonimia e paronimia.
- Os neoloxismos, os préstamos e estranxeirismos e os tecnicismos.
- Cambios semánticos. Causas.

#### Ortografía

- As maiúsculas
- Signos de puntuación.
- As abreviaturas, as siglas e os acrónimos.
- Acentuación. O til diacrítico.
- Uso correcto de *mais/máis/amais/demais/de máis, ai/hai/aí, e/é/eh, a/á/ ha/ah, porque/por que/porqué, haber/a ver, senón/se non*.
- Uso correcto dalgúns grafías.

#### Literatura

- Características fundamentais da literatura galega dos séculos XX e XXI. Principais autores e tendencias literarias: Cabanillas, Noriega Varela, Castelao, Vicente Risco, Celso Emilio Ferreiro, Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Neira Vilas, Carlos Casares e Méndez Ferrín.
- Tendencias actuais da lírica, da narrativa e da dramática.

#### Desenvolve as túas competencias

- Esquemas, cadros e resumos.
- Reflexión e argumentación a partir dunhas ideas dadas.
- Uso das novas tecnoloxías na busca de información.
- Definición de conceptos e exemplificación.
- Elaboración de traballos de investigación.
- Exposición oral de información.
- Análise comparada de información.
- Memorización e recitación de poemas.
- Creación de textos propios a partir dun modelo.
- Emisión razoada de xuízos propios.
- Análise de textos publicitarios.
- Síntese oral dun texto radiofónico ou televisivo.
- Elaboración dunha argumentación.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Utiliza a lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes, identificando a intención comunicativa.
- Analiza as diferentes linguaxes específicas dos medios de comunicación audiovisuais.
- Identifica e utiliza correctamente os nexos e conectores textuais máis comúns e mais os mecanismos de cohesión textual.
- Coñece o vocabulario básico relacionado coas institucións, as tradicións e os costumes.
- Identifica palabras polisémicas, homónimas e parónimas.
- Coñece as distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX, e asimila os conceptos de “normativización” e “normalización”.
- Comprende a situación actual do idioma galego e coñece a lexislación que regulamenta o uso das linguas oficiais de Galicia.
- Identifica as principais variantes xeográficas do galego e intégraas nun estándar global da lingua.
- Identifica a frase como constituínte da oración e distingue os diferentes tipos de frases.
- Analiza as funcións sintácticas na oración e os tipos de oración segundo a natureza do predicado.
- Identifica e analiza as oracións coordinadas e subordinadas, así como as oracións compostas.
- Integra as normas ortográficas, de puntuación, acentuación, maiúsculas, siglas e acrónimos nas propias producións.
- Identifica neoloxismos e préstamos, estranxeirismos e tecnicismos.
- Coñece e empregar técnicas de procura de información en novos soportes (redes informáticas, CD-Rom...), así como de tratamento informático de textos (correctores ortográficos).
- Coñece as características fundamentais, tendencias literarias e autores máis destacados dos séculos XX e XXI.
- Coñece as tendencias actuais da lírica, da narrativa e da dramática.

## **BACHARELATO. LINGUA GALEGA E LITERATURA**

### **OBXECTIVOS XERAIS DE LINGUA E LITERATURA**

---

Segundo a normativa oficial, o obxectivo da materia de Lingua e Literatura galegas no Bacharelato é «a adquisición e mellora da competencia comunicativa, entendida esta coma unha competencia ampla que abran que saberes lingüísticos, sociolingüísticos e

discursivos e que lles deber reportar ao alumnado a capacidade para usar a lingua (tanto a nivel produtivo, coma receptivo e interaccional) nas diversas esferas da actividade social e individual... ».

O criterio pedagóxico vai parello ao seguido para a Educación Secundaria e procurará, «atender a aqueles aspectos que na etapa de ensino obrigatorio puideran ter un menor tratamento e, ao tempo, profundizar noutros contidos que (por idade e madurez intelectual dos alumnos/as) se visen dun xeito máis superficial daquela». Por outra banda, tamén interesa que «o nivel de coñecementos de Lingua e literatura galegas que se adquire ao rematar o bacharelato é validable polo certificado de lingua galega CELGA 4, que se corresponde co nivel C1 que fixa o Marco europeo común de referencia».

O desenvolvemento desta materia contribuirá a que as alumnas e os alumnos adquiren as seguintes capacidades:

1. Comprender o contido global e particular e a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural dos ámbitos público, educativo, profesional e dos medios de comunicación.
2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
3. Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.
4. Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
5. Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.
6. Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.
7. Enxergar o carácter sistemático do código a partir da reflexión e da análise indutiva e valorar a adquisición duns coñecementos lingüísticos e gramaticais pola súa rendibilidade e mellora da capacidade comunicativa.
8. Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autores e obras máis representativos utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.
9. Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos das diferentes épocas da Literatura Galega en tanto que expresión de determinadas circunstancias socio-históricas.
10. Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

### **3. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS**

---

Están organizados en **tres apartados: Lingua, Sociolingüística e Literatura.**

---

#### **LINGUA**

---

##### **Unidade 1. Comunicación e linguaxe**

- A comunicación
- A linguaxe humana
- Elementos do acto comunicativo
- O contorno da comunicación
- Ruído e redundancia
- A intención comunicativa
- Os signos
- Ortografía: As maiúsculas.
- Comentario de textos.

##### **Unidade 2. Tipoloxía textual**

- Comunicación oral e escrita
- Tipoloxía textual.
- O texto dialogado.
- O texto descritivo.
- O texto narrativo.
- O texto expositivo.
- O texto argumentativo.
- Ortografía: Algúns prefixos e terminacións.
- Comentario de textos.

##### **Unidade 3. Clases de palabras (1): substantivo e adxectivo**

- O substantivo.
- O adxectivo
- Ortografía: O guión e a diérese.
- Comentario de textos.

##### **Unidade 4. Clases de palabras (2): o pronome persoal**

- Definición, morfoloxía e funcións.
- Serie tónica.
- Serie átona.
- Ortografía: O acento gráfico (1).
- Comentario de textos.

### **Unidade 5. Clases de palabras (3): determinantes e outros pronomes**

- O artigo.
- Os demostrativos.
- Os posesivos.
- Os relativos.
- Os interrogativos e os exclamativos.
- Ortografía: O acento gráfico (2).
- Comentario de textos.

### **Unidade 6. Clases de palabras (4): o verbo**

- Definición, estrutura e clasificación.
- As categorías verbais.
- O sistema verbal do galego.
- Algúns valores dos modos e dos tempos
- Formas nominais e amodotemporais.
- As perífrases verbais.
- Ortografía: Uso do *b*.
- Comentario de textos.

### **Unidade 7. Clases de palabras (5): o adverbio, as preposicións e as conxuncións**

- O adverbio.
- As preposicións.
- As conxuncións.
- Ortografía: Uso do *v*.
- Comentario de textos

---

## **SOCIOLINGÜÍSTICA**

---

### **Unidade 8. Historia da lingua (1): ata o século VIII**

- Introducción.
- Substrato, adstrato e superestrato.
- Período prerromano.
- A romanización.
- Do latín vulgar ao galego-portugués.
- Formación histórica do léxico galego.
- Ortografía: Uso de *c/cc; ca/cua/co*.
- Comentario de textos.

### **Unidade 9. Historia da lingua (2): séculos IX a XIX**

- Introducción.
- A Baixa Idade Media: galego antigo.
- A Idade Moderna: galego medio.
- A Idade Contemporánea: galego moderno.
- O galego no século XIX.

- Ortografía: Uso dalgunhas grafías.
- Comentario de textos.

### **Unidade 10. A variación e a diversidade lingüística**

- Introducción.
- A variación intralingüística.
- A diversidade lingüística.
- A realidade plurilingüe da Península Ibérica.
- Ortografía: Grupos consonánticos.
- Comentario de textos.

---

## **LITERATURA**

---

### **Unidade 11. A literatura galega medieval (1)**

- A literatura.
- Periodización da literatura galega.
- Contexto da literatura galega.
- A lírica medieval galego-portuguesa.
- A lírica profana.
- A cantiga de amigo.
- Comentario de textos.

### **Unidade 12: A literatura galega medieval (2)**

- A cantiga de amor.
- Cantigas de escarnio e maldicir.
- Xéneros menores.
- A lírica relixiosa: Cantigas e Santa María.
- Decadencia da lírica galego-portuguesa.
- A prosa literaria medieval.
- Comentario de textos.

### **Unidade 13: Dos Séculos Escuros ao prerrexurdimento**

- Os Séculos Escuros.
- A literatura popular.
- O prerrexurdimento.
- Comentario de textos.

### **Unidade 14: O Rexurdimento (1): Rosalía de Castro**

- Caracterización e delimitación do Rexurdimento.
- As causas do Rexurdimento: o Galeguismo.
- Protagonistas do Rexurdimento.
- Rosalía de Castro.
- Comentario de textos.

### **Unidade 15: O Rexurdimento (2): Eduardo Pondal e Curros Enríquez**

- Eduardo Pondal.
- Manuel Curros Enríquez
- Outros escritores. A prosa.
- Comentario de textos.

#### **4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

Establecen o tipo e grao de aprendizaxe que se espera que os alumnos e alumnas alcancen como resultado do proceso de ensinanza e aprendizaxe, en relación coas capacidades indicadas nos obxectivos e cos contidos de cada materia. Os criterios que propoñemos son os seguintes:

1. Coñece os elementos do acto comunicativo, o contorno da comunicación e o concepto de signo lingüístico
2. Identifica a función predominante, as características propias e a estrutura da tipoloxía textual da comunicación oral.
3. Identifica a función predominante, as características principais e os trazos lingüísticos dos textos dialogados, descritivos, narrativos, expositivos e argumentativos.
4. Utiliza a reflexión sobre a lingua nos planos fónico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, así como os conceptos e os procedementos lingüísticos básicos adecuados para a comprensión e a produción de textos, segmentación, conmutación, clasificación, análise, etc.
5. Coñece a orixe da lingua galega: o proceso de romanización do noso territorio e a influencia dos substratos e superestratos na súa evolución.
6. Coñece a evolución histórica da lingua galega: o proceso de formación do galego-portugués, a situación cultural do galego antigo, do galego medio e do galego moderno, e as súas características lingüísticas.
7. Analiza criticamente as circunstancias que condicionaron a evolución, o uso e a realidade actual da nosa lingua.
8. É capaz de analizar a situación do galego na nosa comunidade e comprende o proceso de normalización lingüística.
9. Analiza en textos de distinto tipo as variedades lingüísticas que se manifestan.
10. Coñece os elementos do acto comunicativo e recoñece os niveis de lingua e os rexistros de fala.
11. Comprende e identifica discursos de distinto tipo (recoñecendo as estruturas básicas nas que se organizan segundo o seu contido), transmitidos por canles diferentes, identificando a situación de comunicación en que se producen e a intención comunicativa.
12. Participa en debates acerca de temas de actualidade, de ámbito académico e dos contidos dos bloques, valorando as súas contribucións para a comprensión crítica e das mensaxes dos medios de comunicación.
13. Elabora unha exposición dun tema propio do ámbito académico (un traballo monográfico, unha reseña bibliográfica, unha memoria, un informe) utilizando procedementos de documentación e distintas estratexias que faciliten a comprensión e a expresión (fichas, resumos, esquemas, etc.).
14. Utiliza a reflexión sobre a lingua nos planos fónico, morfosintáctico, léxico-

semántico e textual, así como os conceptos e os procedementos lingüísticos básicos adecuados para a comprensión e a produción de textos, segmentación, conmutación, clasificación, análise, etc.

15. Aplica correctamente as regras de acentuación e dos signos de puntuación, e usa axeitadamente grafías conflitivas, prefixos e terminacións e grupos consonánticos dubidosos.
16. Establece relacións entre unha obra representativa dun autor ou dunha época co contexto sociocultural na que se produciu, delimitando as principais etapas literarias ao longo da historia.
17. Interpreta textos e obras tendo en conta a estrutura da forma literaria á que pertencen e a técnica empregada.
18. Sabe medir versos e reconece a rima e os tipos de estrofas.
19. Realiza comentarios críticos de textos.

## **5. CONTIDOS TRANSVERSAIS**

---

Neste proxecto tívose en conta a idea de transversalidade como forma de relacionar os contidos da materia cos doutras, considerando os valores e as actitudes implícitos nestes contidos.

O propósito é contribuír a que a educación dos estudantes se leve a cabo cunha maior unidade de criterio entre as distintas materias, o que pode lograrse prestando atención, ao presentar a organización do proxecto curricular, a aqueles contidos que posúen carácter interdisciplinar.

### **Significado dos contidos transversais**

#### **Educación para o consumo**

Pretende:

- Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e efectos individuais e sociais de consumo.
- Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor.

#### **Educación para a saúde**

Presenta dous tipos de obxectivos:

- Desenvolver hábitos de saúde.
- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das súas principais anomalías e enfermidades, e da forma de previlas e curalas.

#### **Educación para os dereitos humanos e a paz**

Persegue:

- Xerar posicións de defensa da paz mediante o coñecemento de persoas e institucións significativas.
- Preferir a solución dialogada de conflitos.

#### **Educación para a igualdade entre sexos**

Ten como obxectivos:

- Desenvolver a autoestima e concepción do propio corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas.

### **Educación ambiental**

Pretende:

- Comprender os principais problemas ambientais.
- Adquirir responsabilidade ante o medio ambiente.
- Consolidar hábitos non discriminatorios.

### **Educación multicultural**

Pretende:

- Espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes.
- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con outras culturas.

### **Educación viaria**

Pretende:

- Desenvolver hábitos de respecto polas normas de circulación.
- Crear actitudes de prevención e fomentar o comportamento responsable nas vías públicas.

### **Educación para a convivencia**

Pretende educar no pluralismo, en dúas direccións:

- Favorecer o diálogo como forma de solucionar as discrepancias entre individuos e grupos.
- Respectar a autonomía, as formas de pensar e os comportamentos doutros.

### **Educación sexual**

Os seus obxectivos son:

- Asimilar información suficiente e científica sobre todos os aspectos relativos á sexualidade.
- Consolidar actitudes de naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade.

### **Atención á diversidade**

A atención á diversidade abórdase a través de:

- Exercicios complementarios de gramática. Son exercicios, na súa maioría relacionados coa morfoloxía, que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e axudan a reforzar os coñecementos xa adquiridos en cursos anteriores. O profesor poderá elixir entre eles os máis adecuados para os seus alumnos e o número que estes haberán de realizar. A partir dos exercicios o profesor poderá analizar tamén os usos e expresións máis frecuentes dos seus alumnos na súa lingua oral.
- Exercicios de acentuación, morfosintaxe e semántica para que o alumno puntúe correctamente os seus exercicios; analice elementos lingüísticos tales como

lexemas, prefixos, sufixos, etc.; atope erros léxicos e semánticos; busque significados no dicionario, etc. O profesor terá que decidir os máis convenientes para eles en función do grao de dificultade que estes presentan.

- Lecturas significativas da obra dos autores máis salientables, coas anotacións oportunas.

Son un complemento da teoría literaria e axudan a comprender o autor, a súa obra e a época na que escribe. Estas lecturas poden utilizarse tamén para que o alumno ou a alumna lea en voz alta, recite ou dramatice textos, ou para que estableza relacións, faga resumos e sínteses, argumente a súa opinión sobre os temas expostos, etc. Tamén poden servir como pretexto para que o profesor lle pida que complete esta información a través doutros libros da biblioteca e expoña despois, oralmente, na clase, o resultado da súa investigación.

- Comentarios de texto guiados mediante unha serie de preguntas que inciden nos aspectos e características máis relevantes destes.
- Propostas para debates, mesas redondas, etc.
- Invitación a manexar Internet como axuda complementaria ao exposto en determinadas unidades.

Non debemos esquecer que a finalidade do Bacharelato, como a de toda educación en xeral, é axudar a formar persoas capaces de desenvolverse con total autonomía, tanto no ámbito público como no privado e facilitarlles o camiño cara á vida profesional ou cara a estudos superiores moito máis complexos. Isto supón contribuír ao desenvolvemento integral da persoa para, desde o seu equilibrio persoal e afectivo, fomentar a integración social dunha maneira crítica e creativa. Esta gran meta require unha intervención planificada.

O Bacharelato debe ser, polo tanto, unha etapa na que os estudantes desenvolvan as súas capacidades para integrarse na actividade social, ser cidadáns capaces de desempeñar os seus deberes, exercer os seus dereitos nunha sociedade democrática e manter actitudes críticas ante ela. Todo isto contribuirá a formar persoas capaces de vivir nunha sociedade cada vez máis multicultural, desde o coñecemento e a estima da propia cultura e a doutros.

## **SEGUNDO DE BACHARELATO**

### ***CONTIDOS E SECUENCIACIÓN***

#### **Lingua e Sociedade**

O galego nos séculos XX e XXI. Síntese histórica. O establecemento dunha norma. Os contextos sociolingüísticos. O porvir da lingua galega. A diversidade lingüística. Linguas hexemónicas e linguas minorizadas. A realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica. O galego e o portugués contemporáneos. Lingua e pertenza. Bilingüismo. Diglosia. O conflito lingüístico. Política

lingüística. A normalización lingüística. O galego, lingua en vías de normalización.

### **Estudo da lingua**

Fonética e fonoloxía. Sons, fonemas e letras. Os fonemas vocálicos. Os fonemas consonánticos. A sílaba. O acento. A entoación. Léxico. Morfosintaxe: substantivo. Adxectivo cualificativo. Artigo. Demostrativos. Posesivos. Relativos. Interrogativos e exclamativos. Numerais. Indefinidos. O pronome persoal. O verbo. Estructura morfolóxica dos verbos regulares. A conxugación irregular. As formas nominais. As perífrases verbais.

O adverbio. As preposicións. As conxuncións.

Funcións e estruturas sintácticas. A frase. As relacións sintácticas. As funcións sintácticas. A oración. A oración composta. Algúns aspectos da sintaxe da lingua galega. Variades dialectais ou diatópicas da lingua galega. A súa determinación xeográfica no galego moderno. Características da lingua estándar. Historia da súa formación. A normativización lingüística. Proceso de normativización. O galego normativo. Interferencias lingüísticas. Desvíos léxicos.

A semántica. Campos semánticos. Relacións semánticas. Sinonimia.

Polisemia. Homonimia. Termos contrarios. Ambigüidade. Cambios semánticos. Causas. Tabú e eufemismo.

O texto como unidade de sentido. Unidades lingüísticas de sentido completo.

Os signos de puntuación. As propiedades textuais. A adecuación. A coherencia. A cohesión. Comunicación oral e comunicación escrita.

Léxico: o tempo cronolóxico. O tempo meteorolóxico. O firmamento e os astros.

A paisaxe litoral. A paisaxe interior. As ciencias. Os animais. As plantas. As humanidades. A organización social. A Administración e a xurisprudencia.

Viaxes e transportes.

### **Literatura**

**Do Posrexurdimento á Guerra Civil:** Poesía. Contexto histórico e cultural. A literatura do Posrexurdimento: a poesía “Antre dous séculos”. Antonio Noriega Varela. Ramón Cabanillas. A poesía na Época Nós. Manuel Antonio. Fermín Bouza Brey. Luís Amado Carballo. Luís Pimentel. Eduardo Blanco Amor.

Prosa. A prosa de “Antre dous séculos”. A prosa na Época Nós. A narrativa na Época Nós. Vicente Risco. Ramón Otero Pedrayo. Castelao. Rafael Dieste. O teatro na Época Nós. O ensaio na Época Nós. **Desde a Guerra Civil ata**

**1980:** Poesía. Contexto histórico e cultural. A Xeración de 1936. Aquilino Iglesia Alvariño. Álvaro Cunqueiro. Poetas do exilio. Celso Emilio Ferreiro. A Promoción de Enlace. Antón Tovar. Luz Pozo Garza. Manuel Cuña Novas. A Xeración dos 50 ou das Festas Minervais. Manuel María. Uxío Novoneyra. Xosé Luís Méndez Ferrín. Outros poetas: Xohana Torres, Bernardino Graña, Antón Avilés de Taramancos, Arcadio López Casanova. A poesía galega entre 1976 e 1980. Prosa. A prosa galega de Posguerra. A narrativa entre 1950 e 1980. Ánxel Fole. Álvaro Cunqueiro. Eduardo Blanco Amor. O teatro en Galicia entre 1950 e 1965: Álvaro Cunqueiro. Ricardo Carballo Calero. Xenaro Mariñas del Valle. O teatro en Galicia entre 1965 e 1980: Euloxio Rodríguez Ruibal. Manuel Lourenzo. Roberto Vidal Bolaño. O ensaio galego entre 1950 e 1980. **a**

**literatura galega actual:** Poesía. Contexto histórico e cultural. A poesía galega dos últimos anos. A poesía galega na década dos 80. A poesía galega na

década dos 90. Prosa. A narrativa galega actual. Autores de longa traxectoria literaria. Primeira promoción. Segunda promoción. Terceira promoción. O teatro actual. O ensaio actual.

### **Secuenciación**

No primeiro trimestre verase o bloque de Lingua e Sociedade, e do segundo bloque, o Estudo da Lingua, a parte dedicada ó estudo do texto como unidade de sentido, as estruturas textuais, a tipoloxía e a comunicación oral e escrita. No segundo trimestre, será obxecto de estudo e traballo o resto deste segundo bloque de contidos e no terceiro trimestre estudarase a literatura.

### **Actitudes, valores e normas**

- Respecto polas normas básicas de conducta que rexen o intercambio comunicativo.
- Respecto polas regras de coherencia, propiedade e corrección que facilitan a comunicación lingüística.
- Respecto pola lingua do interlocutor e rexeitamento crítico de expresións que supoñan prexuízos lingüísticos.
- Valoración da lingua galega como manifestación cultural colectiva e consideración positiva dos esforzos individuais, colectivos e institucionais en favor da normalización lingüística.
- Valoración crítica dos factores políticos, económicos e sociolingüísticos que condicionaron a evolución da lingua e da literatura galegas.
  - Valoración dos medios de comunicación de masas na sociedade actual a partir do coñecemento das súas linguaxes específicas.
- Interese pola propiedade expresiva, oral e escrita, e polo emprego de locucións, léxico e frases características da lingua galega.
- Interese pola lectura de obras literarias de diferentes xéneros e épocas, utilizando criterios fundamentados de selección.
- Interese por expresar as propias ideas, sentimentos e fantasías mediante as distintas formas literarias.

### **Criterios de avaliación**

- Utiliza a lingua galega para comunicarse con corrección, oralmente e por escrito, con propiedade léxica, morfolóxica e sintáctica.
- Coñece a evolución histórica da lingua galega e comprende criticamente as circunstancias que condicionaron o seu uso.
- Analiza as valoracións sobre o idioma e as actitudes psicolingüísticas e sociolingüísticas, a partir de situacións de comunicación concretas.
- Elabora a información a partir dos medios de comunicación de masas, diferenciando as características das seccións e dos programas e prestando atención ás súas linguaxes específicas.
- Coñece os conceptos teóricos e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise etc.) propios da gramática galega.
- Recoñece as diferentes unidades da lingua, as súas combinacións e a relación entre elas e os seus significados.
- Desenvolve un tema, oralmente e por escrito, de forma coherente e ordenada, utilizando un guión previo.

- Produce textos específicos (narracións, descricións, exposicións, argumentacións, instrucións, etc.), con diferente nivel de formalización e variedade de contidos (científicos, humanísticos, literarios etc.).
- Utilizar con propiedade o léxico galego (común e específico), a partir de contextos significativos.
- Coñece os autores e comenta as obras máis representativas da literatura galega dos séculos XX e XXI , e establece relacións entre os textos e a etapa na que foron creados.
- Interpreta e valora as obras da literatura galega como contribucións culturais dunha comunidade diferenciada e como modelos de lingua.

### **Contidos mínimos**

Coñecemento diferenciado da situación actual da lingua galega verbo da situación anterior. A estandarización da lingua. Bilingüismo. Diglosia. O conflito lingüístico. Política lingüística. A normalización lingüística. Descrición dos fonemas vocálicos e consonánticos. Identificar e coñecer as principais características de substantivo, adxectivo cualificativo, artigo, demostrativos, posesivos, relativos, interrogativos e exclamativos, numerais, indefinidos, pronome persoal, verbo, estrutura morfolóxica dos verbos regulares, conxugación irregular, as formas nominais, as perífrases verbais, adverbio, as preposicións, as conxuncións. Identificación e coñecemento das principais funcións e estruturas sintácticas. Elaboración de campos semánticos. Sinonimia. Polisemia. Homonimia. Termos contrarios. Ambigüidade. Cambios semánticos. Causas. Tabú e eufemismo. Vocabulario básico dp. Léxico relacionado con o tempo cronolóxico, o tempo meteorolóxico, o firmamento e os astros, a paisaxe litoral, a paisaxe interior, as ciencias, os animais, as plantas, as humanidades, a organización social, a Administración e a xurisprudencia, viaxes e transportes. Coñecer as características identificadoras das principais épocas de Literatura Galega, así como dos autores e das obras máis significativas

## **ALUMNADO DE 4º ESO COA MATERIA DE LINGUA GALEGA DE 3º ESO NON SUPERADA**

O alumnado de cuarto da ESO coa materia de Lingua Galega non superada terá ao longo do curso 2003-2004 unhas actividades de reforzo segundo os seguintes criterios metodolóxicos e de avaliación:

1. Periodicamente entregaráselle fotocopiadas as actividades a facer nun caderno específico.
2. Este caderno será revisado e avaliado periodicamente polo profesor das actividades de reforzo.
3. Haberá unha sesión semanal orientativa por parte do citado profesor.
4. Para ser avaliado/a positivamente o alumno/a terá que ter recollidas e feitas no seu caderno as actividades asignadas ao longo do curso.

5. Contidos das actividades: emprego de **b** e **v**. Emprego de **h**. Emprego de **s** e **x**. Consoantes e grupos consonánticos problemáticos. Emprego de maiúscula. O acento gráfico. A coma. Punto seguido, punto e a parte. Dous puntos. A interrogación. A exclamación. As comiñas. A paréntese. O guión. A diérese. Cuestións sobre o xénero de substantivos e adxectivos. Cuestións sobre a formación do plural de substantivos e adxectivos. Casos especiais de formación do plural. O pronome persoal. O artigo determinado. Cuestións sobre determinantes, pronomes e adverbios. Numerais. A comparación. Cuestións sobre a conxugación. Principais verbos irregulares. O infinitivo conxugado. O xerundio. O participio. As abreviacións. As abreviaturas. O léxico das actividades da vida cotiá. Prácticas de lectura comprensiva. Prácticas de expresión escrita.

## **ALUMNADO DE SEGUNDO DE BACHARELATO COA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA DE PRIMEIRO PENDENTE**

### **1. Comunicación e linguaxe**

A comunicación. A linguaxe humana. Elementos do acto comunicativo. O contorno da comunicación. Elementos que perturban a comunicación: ruído e redundancia. A intención comunicativa. Linguaxe e linguas. Os signos.

### **2. Formación da lingua galega**

Substrato, adstrato e superestrato. Período prerromano. A romanización do latín vulgar ao galego-portugués. O galego na Baixa Idade Media: galego antigo. O galego na Idade Moderna: galego medio. O galego na Idade Contemporánea: galego moderno. O galego no século XIX. O galego no século XX.

### **3. Lingua e identidade**

Lingua e identidade. A diversidade lingüística. A realidade plurilingüe e pluricultural da península ibérica. Linguas en contacto. Bilingüismo e diglosia. A normalización lingüística.

### **4. A comunicación literaria**

A literatura. A comunicación literaria. A literatura: expresión cultural, histórica e social. Os xéneros literarios. Periodización literaria: evolución da literatura galega no contorno ibérico e europeo.

### **5. A literatura galega medieval**

Contexto histórico. A lírica medieval galego-portuguesa. Prosa literaria medieval.

### **6. Dos Séculos Escuros ao Prerrexurdimento**

Os Séculos Escuros. A literatura oral popular. O Prerrexurdimento.

### **7. O Rexurdimento**

Caracterización e delimitación do Rexurdimento. As causas do Rexurdimento. O galeguismo. Os protagonistas do Rexurdimento. Rosalía de Castro. Eduardo Pondal. Manuel Curros Enríquez.

## **8. Morfoloxía**

Fonética e fonoloxía. O substantivo. O adxectivo cualificativo. O artigo. O pronome persoal. Demostrativos e posesivos. Relativos, interrogativos e exclamativos. Numerais e indefinidos.

**Procedemento:** o alumnado fará dúas probas parciais ou unha proba final. A cualificación final será o resultado das mesmas.

### **ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

#### **ALUMNADO COA EXENCIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**

A exención da materia de Lingua galega e Literatura ten como obxectivo principal posibilitar a integración lingüística do alumnado exento. Xa que logo, a exención suporá unicamente a consignación de "exento" no libro de cualificacións e máis no expediente do alumno ou alumna. A asistencia a clase de lingua galega e literatura, como medio de integración lingüística, é obrigatoria. Cun esforzo especial pola súa parte, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua dos seus profesores debe conseguirse que ao remate do prazo da súa exención poida seguir as ensinanzas propias do nivel no que estea en igualdade de condicións que os demais compañeiros de clase.

Para posibilitar a integración lingüística o profesor ou profesora, en colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura, deseñará unha adaptación curricular gradual que conte coas seguintes fases: a) o primeiro ano, iniciación ao coñecemento da lingua e cultura galega; b) o segundo ano, potenciación do dominio tanto do léxico e das estruturas morfosintácticas como do coñecemento do contorno; c) o terceiro ano, afianzamento dos coñecementos da lingua e da cultura galegas, ata acadar un nivel semellante ao dos demais compañeiros da aula.

O alumno ou alumna, ademais de asistir obrigatoriamente ás clases, terá que acreditar o aproveitamento e a adquisición progresiva de coñecemento de acordo coa gradación antes mencionada. Tanto a asistencia coma o aproveitamento e a adquisición progresiva de coñecementos faranse constar no informe que acompaña a solicitude de exención para o ano académico seguinte".

#### **PROGRAMACIÓN DO AGRUPAMENTO de 1º ESO**

### **OBXECTIVOS**

- Utilizar a lingua galega para a elaboración de informacións orais e escritas nos diferentes contextos da vida social e na actividade escolar.
- Comprender e interpretar calquera información oral ou escrita.
- Escribir con corrección, prestando atención á ortografía e á caligrafía e coidando a presentación e pulcritude dos traballos.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para falar con adecuación, coherencia e corrección.
- Utilizar criticamente as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, elaborar, interpretar e valorar diversos tipos de información e opinión.
- Ler con fluidez e facer da lectura fonte de pracer e coñecemento.
- Coñecer a historia da lingua galega, e as circunstancias que condicionaron a súa evolución.
- Coñecer, respectar e valorar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo.

## CONTIDOS CONCEPTUAIS E PROCEDIMENTAIS

### Comunicación oral.-

- Comprensión de textos.-
  - . Textos propios dos medios de comunicación.
  - . Textos orais do medio académico.
  - . Desenvolvemento de habilidades como a escoita activa e participativa, e a escoita reflexiva.
- Producción de textos.-
  - . Exposición planificada coa axuda das TIC.
  - . Narración oral con sinxelas descrições.
  - . Participación en situacións reais ou simuladas de comunicación adoptando rexistros adecuados.

### Comunicación escrita .-

- Comprensión de textos.-
  - . Textos propios da vida cotiá.
  - . Textos propios do ámbito académico.
  - . Utilización da biblioteca do centro e das TIC para obter información.
  - . Lectura en voz alta procurando unha correcta dicción e entoación.

### Estudo da lingua .-

- Mecanismos de cohesión textual e nexos conectores máis comúns.
- Recoñecemento das categorías gramaticais básicas.
- Regras de concordancia e funcións sintácticas principais.

### Lingua e sociedade .-

-Diversidade lingüística no mundo e no Estado español e valoración positiva do plurilingüismo.

#### Educación Literaria .-

- Lectura comprensiva e expresiva de textos literarios adecuados á idade do alumnado deste nivel.
- Producción de textos de intención literaria.

### **PROGRAMACIÓN PARA O AGRUPAMENTO DE 2º ESO**

#### OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua galega para a elaboración de informacións orais e escritas.
- Comprender e interpretar calquera información oral ou escrita.
- Escribir con corrección, prestando atención á ortografía e á caligrafía, e coidando a presentación e a pulcritude dos traballos.
- Analizar correctamente palabras , frases e oracións.
- Ler con fluidez e comprensión, apreciando a literatura como patrimonio cultural.
- Recoñecer os elementos temáticos estruturais e expresivos que caracterizan o texto literario, e as principais obras e autores dos períodos máis significativos da literatura galega.

#### CONTIDOS

##### Estudo da lingua .-

- Enunciado e oración.
- Frases ou sintagmas.
- Clases de oracións.
- Partes da oración.
- O suxeito.
- O predicado.
- Complementos do predicado.
- Léxico básico dos campos semánticos programados : a escola, o xogo, os deportes, o parentesco...

##### Lingua e sociedade .-

- Esquema básico da historia externa do galego.

##### Literatura .-

- Lectura e interpretación de textos literarios.
- Características dos xéneros literarios máis comúns.
- Esquema básico da literatura medieval.
- Rexurdimento e principais autores.
- Narradores do século XX.

## LECTURAS RECOMENDADAS

En cada curso o alumnado deberá realizar lecturas autónomas de obras axeitadas á súa idade, que sirvan de complemento ás lecturas colectivas e guiadas que se leven a cabo na clase de relatos ou fragmentos literarios.

Este curso o Departamento aprobou a lista que se cita a continuación, se ben os títulos poden ser cambiados ou ampliados para se adecuren ao plan lector do centro ou a criterio do profesorado :

### 1º ESO

- Manolo Rivas, Bala perdida, Alfaguara
- Marcos Calveiro, O canto dos peixes, S.M.
- Pepe Carballude, Romaxe de desventuras, Everest

### 2ºESO

- Xosé Antonio Perozo, O enigma de Embíbicus, Sotelo Branco
- Avi, As confesións de Carlota Doyle, Galaxia
- Anxo Fariña, Os megatoxos, A Nosa Terra

### 3ºESO

- Domingo Villar, Ollos de auga, Galaxia.
- Agustín Fernández Paz, Noite de voraces sombras, Xerais.
- Jossef Joffo, Unha bolsa de canicas, Do Cumio.

### 4º ESO

- Gonzalo Navaza, Erros e tñantos, Xerais.
- Dino Buzzatti, O deserto dos tártaros, Xerais.

-

### **1º BACHARELATO**

- Eduardo Blanco Amor, *A esmorga*, Galaxia.
- Darío Xoán Cabana, *Galván en Saor*, Xerais.
- Miguel Anxo Murado, *Fin de século en Palestina*, Galaxia.

### **2º BACHARELATO**

- Manuel Rivas, *Que me queres, amor?*, Galaxia.
- Antón Riveiro Coello, *As rulas de Bakunin*, Galaxia.

## LITERATURA UNIVERSAL- Programa da asignatura

### TEMARIO

#### 1. AS LITERATURAS NA ANTIGÜIDADE

1.1 O mito na formación dos poemas homéricos.

1.2 O teatro grego: a traxedia

1.3 Os grandes poetas latinos: Virxilio, Horacio, Ovidio.

1.4 A Biblia e a súa repercusión na literatura.

#### 2. FORMACIÓN LITERARIA DA CONCIENCIA EUROPEA CARA O RENACEMENTO.

2.1 A épica medieval.

2.2 A poesía dos trovadores.

2.3 O mundo medieval na *Divina Comedia*.

2.4 A prosa narrativa: Boccaccio e outros autores.

#### 3. A ENTRADA NA IDADE MODERNA ( séculos XVI e XVII).

3.1 A lírica petrarquista no Renacemento e o Barroco.

3.2 Teatro clásico francés.

3.3 O teatro isabelino: Shakespeare.

3.4 Cervantes e as orixes da novela moderna.

Lectura: Shakespeare, Hamlet.

#### 4. ILUSTRACIÓN, REVOLUCIÓN ROMÁNTICA, CONTESTACIÓN REALISTA.

4.1 Ilustración e Neoclasicismo.

4.2 Romanticismo europeo.

Lectura: Frankenstein de Mary Shelley.

#### 5. CRISIS FINISECULAR E SÉCULO XX: POESÍA E TEATRO.

5.1 Simbolismo e modernidade poética: autores máis relevantes.

5.2 Vangardas: o Surrealismo.

5.3 Reacción contra o teatro clásico: teatro épico e do absurdo.

Lectura: Alberto Caeiro, heterónimo de Pessoa.

#### 6. A NOVELA NO SÉCULO XX.

6.1 Renovación narrativa de principios do século XX: Kafka, Joyce, Thomas Mann

6.2 A novela estadounidense: a “ Xeración perdida”.

6.3 A narrativa hispanoamericana: o realismo máxico.

Lectura: Sweigh: o libro de xadrez.